

# A EDUCACIÓN PRIMARIA EN GALIZA

Un achegamento á situación da educación galega desde os 6 aos 12 anos.

Moi bo día a todas e todos os delegados a esta IV Conferencia Nacional do 1º Ciclo de Ensino Básico da FENPROF. Achégovos un forte saúdo fraternal da CIG-Ensino, un saúdo dunha organización sindical que partilla coa FENPROF dous principios básicos e irrenunciábeis e inseparábeis, a defensa do profesorado e a do ensino público. E faino tamén partillando unha lingua común, e asumindo, como Pessoa, que a nosa patria é a nosa lingua.

Vou procurar na miña intervención facer unha presentación necesariamente esquemática e, polo tanto, incompleta, do ensino primario en Galiza e, facendo fincapé no modelo de especialidades docentes.

Botarei primeiro a ollada atrás moi brevemente para situar mellor o momento actual da Primaria en Galiza, retratando este presente na dicotomía entre o ensino público e o privado e na situación do ensino rural.

A continuación centrareime xa nos aspectos básicos da miña intervención: o modelo de especialidades docentes e a organización docente, os principais problemas aos que facemos fronte e o negro panorama de perda de control dos centros e de desprezo permanente do profesorado por parte de que nos malgoverna.

Comezamos, pois.

## **Unha ollada cara atrás: o ensino primario nas últimas décadas.**

Para entender a estrutura do ensino primario galego hai que partir dunha serie de reformas que comezan no ano 1970, aínda en plena ditadura, cando se asenta unha nova estrutura educativa que modifica substancialmente todas as etapas educativas, desde infantil ao bacharelato. Créase a Educación Xeral Básica (EXB) que abrangue desde os 6 aos 14 anos, dividida en tres ciclos: o inicial (6 e 7 anos), o medio (8, 9 e 10 anos) e o superior (11, 12 e 13 anos).

A EXB estivo vixente plenamente até o ano 1990, no que se aprobou a LOXSE, que non se implantou na súa totalidade até 1995. Esta nova lei provocou un cambio importante ao separar o 3º ciclo do ensino primario e levalo parcialmente para o secundario, deixando o 6º curso en primaria. Así, xa con esta denominación, a educación primaria, pasou a ter

tres ciclos que son os que manteñen na actualidade: 1º (6 e 7 anos), 2º (8 e 9) e 3º (10 e 11). Seis cursos, por tanto, fronte aos catro do sistema portugués.

Até o 2013 houbo outras leis xerais que modificaron algúns aspectos importantes do sistema educativo, mais mantendo inalterábel a estrutura do ensino primario. A actual reforma, que entrará en vigor en setembro de 2014 e que se implantará en Primaria na súa totalidade no curso seguinte (2015-16) fai desaparecer os ciclos, pon en grave perigo a aprendizaxe da educación artística e musical, dá un maior peso á relixión e introduce probas externas aos centros (en 3º e 6º cursos) para controlar o traballo dos docentes, marcar o alumnado e os propios centros nun ranking que pode ter efectos demoledores e para controlar por completo os currículos e o propio sistema educativo.

## Como é hoxe o ensino primario galego?

---

Ensino público, ensino privado.

A inmensa maioría dos centros que imparten ensino primario en Galiza son de titularidade pública (dependentes da Xunta de Galiza, o goberno autónomo galego). Representan un 74% do total das aulas, fronte a un 24% de centros privados concertados (isto é, sostidos con fondos públicos) que pertencen maioritariamente a congregacións relixiosas, e un 2% de centros privados sen axudas públicas. Porén, esta distribución non é homoxénea, e así, nas grandes cidades o alumnado escolarizado no ensino privado está en cifras moi próximas ao que se escolariza en centros públicos. O que é unha demostración que a empresa privada só se asenta onde hai negocio. Esta dupla rede de centros sostidos con fondos públicos (os de xestión pública e os subvencionados) crea un enorme problema ao ensino público, debido á aposta da socialdemocracia española primeiro e da dereita con máis forza despois por desviar fondos públicos incrementando o investimento na privada.

---

Ensino urbano, ensino rural.

Galiza, como a maior parte dos países europeos, viviu xa desde mediados do pasado século un proceso de desprazamento de poboación do medio rural ás cidades. O desmantelamento de servizos tamén se viviu no ensino. A creación de agrupamentos en centros escolares produciuse no rural galego e nas vilas na década dos anos 70 e principios dos 80 do pasado século, coa creación de grupos escolares de educación infantil e primaria. A partir de aí o proceso foi paulatinamente reducindo o número de escolas rurais. As escolas unitarias, aquelas cunha única aula e dúas como máximo, ficaron só co alumnado de infantil (3 a 5 anos) ou con este e co do 1º ciclo de Primaria (6 e 7 anos).

Existe, desde os anos 90, unha modalidade de centros agrupados que inclúen non só infantil e primaria, mais tamén catro cursos de secundaria obrigatoria. A súa creación respondeu, na maior parte dos casos, a presións caciquís municipais e non a un deseño ordenado dunha auténtica rede educativa no rural.

Tamén na década dos 90 creáronse os CENTROS RURAIS AGRUPADOS (CRAS), organizativamente un só centro mais coas aulas dispersas por diferentes núcleos rurais. A unión destas escolas supuxo a chegada de profesorado especialista itinerante para todas as escolas (música, educación física, inglés, educación especial), mantendo un docente permanente en cada escola que imparte o resto das materias. Na práctica dotou dunha mesma oferta educativa a este alumnado ao respecto do que se escolariza en colexios grandes, aínda ben que non dispón de instalacións comúns (ximnasio) ou de ofertas complementares (comedor). Na actualidade hai en Galiza 27 CRAS, cun número de escolas unitarias agrupadas entre 4 e 10 en cada un. E fican aínda pola volta de 132 escolas unitarias individuais que escolarizan alumnado de infantil, tendo marchado a maioría do de Primaria para os grupos escolares das vilas.

O ensino no medio rural é un dos principais damnificados por todos os gobernos, porque o seu abandono non reponde só ao desprezo ou menor protección da educación, senón pola falta de políticas que defendan o medio rural no seu conxunto.

Entremos agora no interior dos colexios. E vexamos ao profesorado.

---

O profesorado. Cadros de persoal e especialidades.

### **A ESPECIALIZACIÓN DO PROFESORADO**

Unha característica esencial do ensino primario en Galiza é a existencia de mestres e mestras especialistas. Todo o alumnado de ensino primario ten como mínimo nas súas aulas os seguintes docentes (nos seis cursos de Primaria)

- un mestre xeneralista, tamén chamado de Primaria. Este docente imparte con carácter xeral: matemáticas, lingua galega, lingua castelá, ciencias sociais e naturais e plástica. Permanece co seu grupo de alumnos entre 18 e 20 horas semanais.
- un de Educación Física.
- un de Ensino Musical.
- un de Inglés.
- Nos centros de 6 ou máis aulas tamén hai un especialista de Francés, mais na práctica case non existe alumnado que elixa o francés como lingua estranxeira e polo tanto este docente ocupa o lugar dun xeneralista.
- Hai tamén outros especialistas nos colexios de Primaria:
  - nos centros de 4 ou máis unidades hai un especialista de Pedagogía Terapéutica, para a atención de alumnado con necesidades educativas específicas.

- nos centros de 15 ou máis unidades hai un especialista de Audición e Linguaxe, para atender ao alumnado con dificultades ou trastornos da linguaxe.
- nos centros de 12 ou máis unidades existe un orientador, mestre preferentemente con titulación en Psicoloxía ou Pedagogía, exento de docencia e que coordina a orientación educativa do alumnado, sendo responsábel de, por exemplo, a detección precoz de dificultades de linguaxe ou do asesoramento ao profesorado na implantación de adaptacións curriculares, reforzos educativos e acción tutorial.
- Ademais, en todos os centros hai profesorado de relixión. Estes docentes non son funcionarios. Reciben o seu salario da Xunta mais son propostos pola igrexa católica (hai tamén uns poucos evanxelistas e de relixión musulmá). Estes docentes só poden dar aulas de relixión mais desde hai uns anos a Xunta, coa oposición da CIG-Ensino permitiu que realizase outras funcións, mesmo formar parte do equipo directivo. Nós defendemos que a relixión non ten cabida no ensino público e, polo tanto, debe ser retirada do currículo oficial e das nosas aulas.

Por suposto, naquelas escolas que teñen menos aulas das citadas, es atención ao alumnado con NEE ou non existe con carácter xeral ou faise con profesorado especialista de comparte varios centros.

A distribución das materias nas 25 horas é a día de hoxe a seguinte.

| Cadro de distribución horaria para a educación primaria |           |           |           |           |           |           |
|---------------------------------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
|                                                         | 1º CICLO  |           | 2º CICLO  |           | 3º CICLO  |           |
|                                                         | 1º curso  | 2º curso  | 3º curso  | 4º curso  | 5º curso  | 6º curso  |
| Lingua castelá e literatura                             | 4         | 4         | 4         | 4         | 4         | 3         |
| Lingua galega e literatura                              | 4         | 4         | 4         | 4         | 4         | 3         |
| Lingua estranxeira                                      | 2         | 2         | 3         | 3         | 3         | 3         |
| Educación artística                                     | 2         | 2         | 2         | 2         | 2         | 2         |
| Educación física                                        | 2         | 2         | 2         | 2         | 2         | 2         |
| Matemáticas                                             | 5         | 5         | 4         | 4         | 4         | 4         |
| Cofecemento do medio natural, social e cultural         | 5         | 4         | 5         | 4         | 5         | 4         |
| Relixión                                                | 1         | 2         | 1         | 2         | 1         | 2         |
| Educación para a cidadanía e os dereitos humanos        | -         | -         | -         | -         | -         | 2         |
| <b>TOTAIS</b>                                           | <b>25</b> | <b>25</b> | <b>25</b> | <b>25</b> | <b>25</b> | <b>25</b> |

Todos os docentes teñen a obriga de impartir 25 períodos lectivos, 5 cada día da semana. Teñen tamén a obriga de permanecer outras 5 horas semanais no centro para tarefas de coordinación didáctica, atención a pais e nais, reunións claustrais, etc.. No ano 2007 conseguimos un suceso histórico, ao reducir esta cifra a 21 horas, dando un paso cara a unha demanda histórica do noso sindicato: un único corpo docente cos mesmo dereitos laborais, de infantil ao bacharelato. O profesorado de ensino secundario impartía naquela altura con carácter xeral 18 períodos lectivos que podían chegar a 20. Aquele acordo supuxo crear máis de 1000 postos de traballo no país e introducir cambios importantes no traballo no ensino primario, ao desligar o horario do profesorado do do alumnado e potenciar moitas tarefas non lectivas.

Mais a vaga de recortes e agresións ao ensino público (como a todo o sector público e as clases populares) que iniciou o actual goberno da dereita española na Xunta de Galiza, unha vez que volta ao poder no ano 2009, supuxo anular aquel acordo e voltar aos 25 períodos lectivos. Este horario implica que a maioría dos docentes dispoñen dunhas horas semanais nas que teñen que desempeñar outras funcións senón completan o seu horario: reforzos educativos, apoio en educación infantil, facer gardas (é dicir, ficar ao dispor da dirección do centro para cubrir ausencias doutros compañeiros, que poden prolongarse días ou até dúas semanas), etc..

A especialización do profesorado do ensino primario é algo fundamente asentado no ensino galego e no conxunto do Estado español. Está directamente relacionada cos importantes cambios introducidos no sistema educativo español nas diferentes leis educativas. A propia mobilidade do profesorado duns centros a outros mediante os concursos de traslados faise por especialidades. E os exames de ingreso ao funcionariado docente son igualmente por especialidades.

O proceso de especialización desenvolveuse en paralelo aos cambios introducidos na formación universitaria dos mestres e mestras.

- Até os anos 70 a formación do profesorado era única: formábase a un docente que ía ser o único mestre dunha aula de ensino primario.
- Nos anos 70 nas Escolas Universitarias de Maxisterio comezan a diversificar a formación. Créanse as especialidades (Ciencias Humanas, Ciencias, Filoloxía Preescolar, Educación Especial..) Porén, todos recibiamos unha parte importante de formación común, xa que o obxectivo era que puidésemos ser docentes xeneralistas do alumnado de 6 a 10 anos, reservando a especialización para a impartición dos cursos superiores, de 11 a 13 anos.
- Nos anos 90 téndese nos plans de estudos universitarios a adaptarse xa á especialización tamén nos ciclos iniciais de Primaria con especialidades nas universidades galegas como: Infantil, Primaria, Audición e Linguaxe, Pedagogía Terapéutica, Educación Física e Inglés
- Os actuais Graos de Mestre, adaptados ao chamado Plan Boloña, supoñen un cambio importante, ao ficar só dous Graos: Mestre en Infantil e Mestre en Primaria, o que rompe

a relación mantida nas últimas décadas entre a formación universitaria e as especialidades dos mestres no traballo. Non sabemos, nesta altura, como vai evolucionar a formación do profesorado especialista dentro da primaria, mais cabe a posibilidade de que, dentro da orientación privatizadora e mercantilista deseñada pola UE no Plan Boloña acabemos con cursos post-grao ou mestrados para poder impartir docencia naquelas especialidades diferentes de Primaria ou Infantil (ben esixidas como requisito ou como valoradas como mérito).

## **OS CICLOS EN PRIMARIA**

A reforma educativa que entrará en vigor no curso que vén implica un cambio fundamental no ensino primario coa eliminación dos ciclos e algúns cambios na distribución do horario dos que aínda non temos coñecemento. Sabemos que hai intención de incrementar as horas de matemáticas con carácter global no Ensino Primario, mais iso é imposíbel no 1º ciclo e difícil no 2º. Sabemos tamén que a educación artística (plástica e música) corre perigo pola irrupción dunha nova materia curricular denominada Valores Cívicos, introducida para contentar á cúpula da igrexa católica. Tamén se poderían ver afectadas as ciencias sociais e naturais. En calquera caso, non se agarda absolutamente ningún cambio positivo.

Algo fundamental no traballo docente en Primaria nas últimas décadas é a coordinación do equipo que traballa en todo o centro e especialmente en cada ciclo. Para iso hai reunións mensuais de coordinación dos docentes de cada ciclo. Non son, con todo, os únicos órganos de coordinación: alternando por semanas hai reunións do departamento de normalización lingüística, o equipo de actividades complementares e extraescolares, a comisión de coordinación pedagóxica ou o departamento de orientación.

Todo isto tamén vai sufrir cambios coa reforma que temos ás portas, xa que como dixer, suprímense os ciclos. O ciclo en Primaria ten até hoxe un carácter básico: o profesorado xeneralista promociona obrigatoriamente co seu alumnado, manténdose dous anos como titor. O alumnado non pode repetir no 1º curso do ciclo e o no 2º curso deberán facerse as correccións curriculares precisas para conseguir a súa promoción ao ciclo seguinte. Todo isto vai mudar, e non para ben.

## **OS RECORTES E A PERDA DE CALIDADE. RATIOS E AGRUPAMENTOS.**

As principais eivas do ensino primario en Galiza, moitas delas xa de longo percorrido, víronse agravadas polas políticas de recortes destes últimos 5 anos. Hoxe nas cidades e áreas próximas o principal problema, xunto cos redución drástica de fondos e a redución de profesorado é a masificación das aulas. A ratio máxima é de 25 alumnos. Mais nesta cifra non se computa o posíbel alumnado repetidor e a cifra pode incrementarse até 27 para acoller novo alumnado fóra de prazo. Ademais, a existencia de alumnado con

necesidades educativas específicas non implica unha redución de alumnado por aula como demandamos desde a CIG-Ensino.

Pola contra, o principal problema nas pequenas vilas e no medio rural é o agrupamento nunha mesma aula de alumnado de diferentes cursos. Así, non é raro atopar nunha mesma aula alumnado de dous, tres ou catro cursos diferentes. Mesmo a mestura de alumnado de infantil e primaria é frecuente. Só no caso de que exista no grupo alumnado de infantil de 3 anos a ratio non poderá superar os 20 alumnos. En caso contrario poderá ser idéntica á dun grupo ordinario.

A redución de postos de traballo no ensino público (uns 2.500 nos últimos 4 anos) implicou que moitos mestres de ensino primario impartan docencia en máis dun centro, ou que impartan materias das que non son especialistas, amosando unha das debilidades deste modelo cando quen goberna non ten escrúpulos para atacar a calidade do ensino público.

#### **A PERDA DA DEMOCRACIA INTERNA. A DESAUTORIZACIÓN DO PROFESORADO.**

O goberno dos centros foi perdendo progresivamente desde mediados dos 90 o grao de democracia interna na toma de decisións que gañara na década anterior. As reformas educativas, tanto do PSOE como do PP, con máis dureza no caso do partido conservador, foron reducindo a participación do profesorado na toma de decisións, convertendo os dous órganos de goberno dos centros, o Claustro de Profesores e o Consello Escolar (no que participan representantes da comunidade educativa) en meros órganos consultivos. Só o compromiso dalgúns equipos directivos coa xestión democrática permite que haxa centros nos que a dirección non é unha simple correa de transmisión do poder político.

O golpe final ven de darllo esta última reforma do actual goberno español. A dirección do centro, que xa hoxe é electa por unha comisión entre profesorado que mesmo pode ser alleo ao centro, vai ser, na práctica, nomeada a dedo pola administración. Poderá establecer requisitos e méritos para acceder a postos docentes ou rexeitar a incorporación de profesorado interino. En resumo, as competencias máis importantes que até hoxe tomaban os órganos colexiados trasládanse á dirección.

E por último, ao poder político reaccionario non lle chega con reducir a capacidade do profesorado gobernar democraticamente os centros. Tamén fixa unha auténtica carreira de obstáculos en todo o sistema educativo comezando polo ensino primario. As probas externas ao centro, as “reválidas”, serán deseñadas polo goberno español, usurpando as competencias dos gobernos autonómicos e desprezando o profesorado, que cumprirá un papel de monitor ou preparador de probas. Será profesorado alleo ao centro quen avalíe unhas probas que se centrarán nunha parte do currículo que o goberno decida, limitando a nosa capacidade educadora, a nosa autonomía profesional, a nosa liberdade de

cátedra. No ensino primario farase unha proba idéntica en todo o Estado no 3º curso de ensino primario (8 anos) e outra en 6º (12 anos). Non terán carácter eliminatorio, como si o terán na secundaria e no bacharelato, e o alumnado poderá promocionar aínda que non as supere, mais ficará marcado persoalmente no seu paso ao instituto. Igual de marcado que ficará o colexio e o seu profesorado. Na política do mundo ao revés, os centros que que participen en programas de calidade educativa (por tanto, aqueles que obteñan bos resultados porque partan de mellores condicións académicas e socioculturais do seu alumnado) poderán ter mellor financiamento.

Remato. O ensino, como a sanidade e o sistema público de pensións que cobran os nosos xubilados, ou como en Portugal denominades reformados, son o bocado que queren levar á boca os poderes económicos internacionais, o capitalismo voraz. E iso só se consegue privatizándoos. Tal e como comecei, sabede que en Galiza, como vós aquí en Portugal, como noutros países do mundo, somo moitos os que defenderemos incesantemente o ensino público. E farémolo desde os seus alicerces, desde o ensino primario, peza fundamental da formación dos que terán que seguir nesta loita.

Adiante coa CIG-Ensino. Adiante coa FENPROF. Viva o ensino público!